

opusdei.org

Novo website sobre San Josemaría

www.josemariaescriva.info, o website sobre San Josemaría, renova o seu deseño e incorpora novos contidos. Trátase do espazo máis completo de Internet para coñecer o "santo do ordinario".

11-10-2009

O novo website dedicado ao fundador do Opus Dei permite coñecer mellor a súa vida e a súa mensaxe de buscar a Cristo nas

actividades da vida cotiá. Ofrécese en 8 idiomas diferentes.

No www.josemariaescriba.info o contido estrutúrase en seis seccións principais: a vida e ensinanzas de san Xosemaría, testemuñas, iniciativas educativas e sociais nadas baixo o seu impulso e inspiradas pola súa predicación, documentación, multimedia e noticias de actualidade.

Unha "**línea do tempo**" multimedia permite seguir a súa vida, no contexto histórico, a través de fotografías, video clips, gráficos e textos.

A páxina principal renóvase con noticias recibidas de todo o mundo e con testemuñas dos que reciben favores recibidos pola súa intercesión, se achegaron á fe e descubriron a alegría da vida cristiá grazas a san Xosemaría.

Recóllense tamén manifestacións da devoción universal a san Xosemaría, reflectida en dedicacións de rúas, templos, capelas e outras iniciativas, e abundante documentación, tamén de carácter histórico. Na **sección Multimedia** poden atopar vídeos temáticos, e testemuñas e filmacións de encontros co fundador do Opus Dei.

Periodicamente recóllense entrevistas a persoas que coñeceron a san Xosemaría persoalmente, estudosos das súas ensinanzas ou protagonistas de iniciativas desenvolvidas coa axuda do fundador do Opus Dei.

"Liña do tempo" biográfica sobre San Xosemaría .

Entre os elementos máis valorados polos lectores está a sección, que **"Tal día coma hoxe"** recolle cada día un recordo de san Xosemaría sobre esta data. Ou, **"Para os máis**

xoves" que inclúe debuxos,
anécdotas e oracións para nenos.

Dende a parte inferior da páxina principal, os usuarios poden inscribirse á páxina e recibir automaticamente as principais novidades na súa conta de correo electrónico.

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/novo-website-sobre-san-
josemaria/](https://opusdei.org/gl-es/article/novo-website-sobre-san-josemaria/) (22-02-2026)